

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA SÚMASE Á CAMPAÑA DA OMS SOBRE A CONCIENCIACIÓN DA IMPORTANCIA DA HIXIENE DE MANS NA PREVENCIÓN DAS INFECCIÓN

- O lema deste ano é "aceleramos a acción entre tod@s"
- A xerente da área, Eloína Núñez, a directora de enfermaría, Victoria Carral, a subdirectora de calidade, Beatriz Pais, a subdirectora de humanización, María José Menor, e a xefa do servizo de Medicina Preventiva, Cristina Fernández, vistaron a mesa informativa do Clínico organizada pola supervisora de calidade, Sandra Sixto, e Alejandro Monasterio, supervisor de Medicina Preventiva
- Tamén se organizaron actividades nos Hospitais de Conxo e Barbanza e en centros de saúde

Santiago, 5 de maio 2023 .- A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza celebra hoxe o "**Día Mundial da Hixiene de Mans**", este ano co lema "*Aceleramos a acción entre tod@s*" que se propón dende o Ministerio de Sanidade facéndose eco das recomendacións da OMS.

A hixiene de mans continúa sendo a medida principal para previr as infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria (IRAS) e a proliferación de resistencias antimicrobianas.

Para poñer en valor a importancia desta técnica os centros da área acollen múltiples actividades. Así, ao longo da mañá, instaláronse mesas informativas para a promoción da hixiene de mans e o correcto procedemento para o lavado na entrada principal do Hospital Clínico, do Hospital de Conxo e no Hospital da Barbanza e nalgúns centros de saúde, dirixidas a informar a toda a poboación que se achegue ata estes centros. Neses puntos ofréceselle ás persoas que o desexen, por parte do persoal das mesas, a posibilidade de cotexar o resultado da súa práctica de Hixiene de Mans mediante unha lámpada UVA de demostración. Tamén dispoñen de folletos, petacas de solución alcohólica e outros artigos de promoción da Hixiene de Mans.

Ao longo da xornada proxéctanse vídeos relacionados en diferentes pantallas dos hospitais da área, salas de espera de pacientes e hospitais de día. Asemade estanse realizando sesións exprés duns dez minutos de duración no lugar de traballo sobre lavado de mans e uso de luvas nas unidades de hospitalización.

Tamén se organizaron actividades para aos máis cativos, actividades lúdicas e musicais relacionadas co día na aula Hospitalaria e escolas infantís de fillos de traballadores, coordinadas pola Subdirección de Humanización e a colaboración dos profesionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A xerente da área, Eloína Núñez, a directora de enfermaría, Victoria Carral, a subdirectora de calidade, Beatriz Pais, a subdirectora de humanización, María José Menor, e a xefa do servizo de Medicina Preventiva, Cristina Fernández, vistaron a mesa informativa do Clínico organizada pola supervisora de calidade, Sandra Sixto, e Alejandro Monasterio, supervisor de Medicina Preventiva.

Saúdos